



# III Plan de Igualdade

CONCELLO DE BETANZOS







# III Plan de Igualdade

CONCELLO DE BETANZOS



Edita/ **Concello de Betanzos**  
Concellería de Servizos Sociais

Redacción y coordinación/ **Departamento de Servizos Sociais**  
**Marta Díaz Varela**\_Psicóloga  
**Natalia Montero Rodríguez**\_Educadora Familiar  
**Mercedes García Prego**\_Traballadora Social e Coordinadora

Responsable departamento / **Maria Barral Varela**\_Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Muller,  
Cultura, Educación e Normalización Lingüística

Depósito legal/ C 423-2012

Deseño, maquetación e ilustración/ Luis Galán (Sistema Diseño)

Impresión/ Lugami Artes Gráficas

	Presentación/	1	páx_7
	Fundamentación/	2	páx_9
	Marco lexislativo/	3	páx_11
	Proceso de elaboración/	4	páx_15
Estudo diagnóstico "A situación da muller en Betanzos"/		5	páx_21
	Eixes do Plan/	6	páx_29
	Áreas de actuación/	7	páx_33
	Periodización/	8	despregable

< índice



## < Presentación

*Trece anos despois da publicación do I Plan de Igualdade, o Concello de Betanzos reafirma o seu compromiso e a clara vontade política de continuar loitando por acadar unha igualdade real entre homes e mulleres coa publicación deste III Plan, que unha vez mais, conta coa apoio unánime de toda a Corporación.*

*A aprendizaxe adquirida cos anteriores plans e os datos obtidos da avaliación deles, foron fundamentais para comprender que cuestións funcionaron, cales non, e poder planificar as accións contidas no presente documento.*

*Así pois, o III Plan, pretende servir de guía para integrar a perspectiva de xénero en todos os ámbitos e políticas municipais, apostando pola transversalidade como un dos obxectivos fundamentais. Proponse continuar apostando polas accións colectivas, pola prevención a través da educación e pola participación social, co convencemento de que só a determinación do conxunto da sociedade pode deter as desigualdades en todas as súas formas.*

*A pesar de que hai un longo camiño percorrido, e é unha evidencia que en moitos ámbitos as desigualdades diminuíronse ou elimináronse, mais datos de estudos recentes indican que nos últimos anos, a crise económica ou a propia "evolución social" levaron a que algún destes avances se detivera, e incluso noutros, como o das novas tecnoloxías, apareceran tamén novas formas de discriminación, lembrando no outro extremo os casos de violencia de xénero, onde a desigualdade se manifesta con toda a súa crueza.*

*Como persoas representantes do goberno municipal, das institucións públicas, debemos garantir a través das nosas políticas que o camiño cara a igualdade REAL entre homes e mulleres non se deteña e sexa imparabile e que este III Plan de igualdade sexa outro avance para que Betanzos prescinda deste documento porque betanceiras e betanceiros finalmente sexamos IGUAIS.*

*Grazas ás técnicas que elaboraron e desenvolven o Plan, grazas á comunidade educativa, grazas ao tecido asociativo, grazas ás compañeiras e compañeiros da política e grazas a toda a veciñanza que nos acompañan na andaina.*

**Ramón García Vázquez**  
Alcalde de Betanzos

**María Barral Varela**  
Concelleira de Servizos Sociais









Froito do compromiso do Concello de Betanzos coa igualdade de xénero xorde este **III Plan de Igualdade** cunha clara vocación participativa. Aprendendo da experiencia que achegaron os dous plans de Igualdade xa concluídos, este Plan pretende ficar cos acertos de ambos os dous á vez que traballar os aspectos que quedaron pendentes.

**O primeiro Plan de Igualdade do municipio data do ano 2004.** Posteriormente, no ano 2011, aprobouse o segundo Plan cunha vocación clara de integrar a perspectiva de xénero en todas as políticas do Concello. No 2017, nunha sociedade cambiante, a meta deste Plan é axudar a erradicar as desigualdades que aínda persisten en moitos ámbitos. Para iso ofrece medidas e actuacións concretas, que pretenden sensibilizar e cambiar a realidade na contorna máis próxima.

O longo camiño para a elaboración do **III Plan de igualdade** parte da avaliación do II Plan. O cumprimento foi alto, cun **92% dos obxectivos e un 67% das actuacións**, abordados. Entre as áreas con maior grao de cumprimento están información, comunicación e sensibilización e promoción da saúde, mais outras, como participación e promoción social e educación non tiveron tanto éxito. Precisamente estes resultados leváronnos a tratar de incentivar estas dúas áreas neste novo Plan, e quedaron claros dous obxectivos principais: dar unha especial relevancia á participación e a educación no **III Plan de Igualdade do Concello de Betanzos**. Deste xeito, moitas das actuacións incluídas neste Plan xurdiron das achegas da veciñanza, centros educativos, axentes sociais, profesorado e asociacións.

Doutra banda elaborouse un estudo diagnóstico da situación da muller en Betanzos. A partir deste traballo detectáronse varias brechas de xénero que este Plan pretende axudar a corrixir.

O **III Plan de Igualdade** do Concello de Betanzos céntrase en **26 obxectivos** e concrétase en **109 accións** que impregnan todas as parcelas municipais e numerosos aspectos sociais.

Conserváronse as **7 áreas de actuación** do II Plan de Igualdade. Entre as liñas estratéxicas do Plan destaca a transversalidade, co fin de que a igualdade de xénero inflúa todas as políticas do Concello e todos os ámbitos. Participación, sensibilización, empoderamento e diversidade completan os eixes do Plan.

A avaliación dos resultados do Plan tamén está presente para poder valorar obxectivamente os logros e os aspectos para mellorar. Para iso inclúense indicadores que permiten determinar os logros obtidos cando acabe a súa vixencia. Ademais outras das novidades é a inclusión dun cronograma cunha temporalización clara das actuacións.

O marco lexislativo actualizado sobre o que se constrúe o Plan vén detallado a continuación, mais deuse especial relevancia o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, como a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Ambas as leis centran a maioría das actuacións.

Para as medidas destinadas ao empoderamento da muller no ámbito laboral, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, foi clave. A Lei 39/1999 estatal para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras tamén inspira parte desta planificación.

En materia de prevención de violencia de xénero e atención ás vítimas destacan a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e ou tratamento integral da violencia de xénero e a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

## Ámbito internacional/

### ONU/

- Carta das Nacións Unidas 1945.
- Declaración universal dos dereitos humanos. 1948.
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller de 1967.
- Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller de 1979.
- Conferencia mundial sobre a muller México 1975.
- Conferencia mundial sobre a muller Copenhague 1980.
- Conferencia mundial sobre a muller Nairobi 1985.
- Conferencia mundial sobre a muller Pekin Beijing 1995 (con exames quinquenais).

### Normativa Europea/

- Tratado de Roma, 1957. Recolle a igualdade de retribución entre traballadoras e traballadores.
- Cumpre de Paris, 1972. 1.º programa de acción social para asegurar a igualdade laboral na Comunidade Europea.
- Tratado da Unión Europea, Maastrich, 1992. O principio da igualdade non obstará para que os estados membros poidan adoptar medidas de acción positiva.
- Tratado de Amsterdam, 1997.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, 2000.
- Tratado do Consello Europeo de Bruselas, 2004. Inclúese a igualdade entre mulleres e homes coma un valor da Unión.
- Directiva do Consello

2004/113/CE, aplica o principio de igualdade de trato ao acceso a bens e servizos.

- Directiva 2006/54/CE relativa á aplicación do principio de igualdade en asuntos de emprego e ocupación.
- Pacto Europeo para a igualdade de xénero 2011/2020.



## < Marco legislativo

## Normativa estatal/

- Constitución Española.  
O artigo 14, establece a igualdade ante a lei, sen discriminación ningunha por razón de sexo.
- Lei 16/1983, pola que se crea o Instituto da Muller.
- Lei 39/1999 do 5 de novembro para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
- Real Decreto 1686/2000.  
Créase o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.
- Lei 27/2003 do 31 de marzo reguladora da Ore de protección das vítimas de violencia doméstica.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

### Normativa autonómica/

- Estatuto de Autonomía de Galicia, artigos 4 e concordantes.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller.
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

### Ámbito local/

- I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Betanzos 2004-2007.
- II Plan de Igualdade do Concello de Betanzos 2011-2014.



O III Plan de igualdade do Concello de Betanzos fundaméntase nos seus dous predecesores, o I Plan de igualdade do Concello do ano 2004 e o II Plan do 2007.

Pero realmente, a posta en marcha deste Plan arrinca coa experiencia aprendida tras avaliar o II Plan de Igualdade.

Fases de elaboración:

### 1. Avaliación do II Plan De Igualdade

Da avaliación do II Plan de Igualdade desprendéronse varias conclusións que serven de guía para este documento de traballo.

Se nos cinguimos aos resultados, o II Plan de igualdade do Concello de Betanzos obtivo un grao de cumprimento adecuado. Que o 92% dos obxectivos e o 67% das actuacións abordaranse, supón xa un éxito, como se concluíu tras a avaliación.

Entre os logros deste Plan destaca sen dúbida a información e sensibilización e o esforzo feito para apoiar o benestar físico e emocional da muller, o que coincide con dúas das áreas que obteñen máis dun 80% de cumprimento. Destácase ademais a aposta pola concienciación e a sensibilización respecto da igualdade de oportunidades, pero tamén fronte á violencia de xénero. Outros dos éxitos foron a atención a colectivos vulnerables, mellorar as competencias profesionais das mulleres e o apoio a cuidadoras de persoas dependentes, como se asegura nas conclusións da avaliación.



Para este **III Plan de igualdade** imos a traballar aqueles aspectos que non foron tan abordados como a participación social. Da avaliación de resultados do plan tamén se desprendeu a necesidade de insistir máis co tecido económico, (empresas e comerciantes), así como aumentar a cooperación coa comunidade educativa.

Estes foron os principais obxectivos de este documento de traballo, incidir nos aspectos que máis atención requirían, segundo revelaba a avaliación do II Plan.

## 2. Participación externa

Quixemos que abril do 2017 fose o mes da participación externa. Finalmente 60 entidades, asociacións, centros educativos, ANPAS, profesorado ou particulares fixeron as súas propostas. Á vez recolléronse datos para o estudo diagnóstico sobre a situación da muller no municipio.

Cómpre destacar o papel da comunidade educativa. Realizáronse entrevistas presenciais cos equipos directivos e entregáronse cuestionarios para encher polo profesorado. Como eixes do plan propuxémonos a sensibilización a nenos/as e adolescentes, para iso é básico o papel dos centros educativos para intervir a idades máis temperás.

Con respecto ás asociacións a maioría achegou suxestións mediante entrevistas telefónicas. Remitíronse 78 cartas e enviáronse 51 correos electrónicos.

A colaboración da veciñanza demandouse a través dunha campaña pedindo a súa colaboración a través de redes sociais e 50 carteis repartidos polo municipio.



### 3. Participación interna

Ao longo do mes de maio e parte de xuño desenvóléronse diferentes entrevistas co persoal técnico responsable de cada área.

Nesta etapa de participación interna do persoal do Concello recompiláronse as achegas de cada unha das persoas responsables das áreas municipais. Finalmente os/as técnicos/as engadiron 16 novas actuacións para integrar a perspectiva de xénero nas súas áreas.

Os grupos políticos fixeron 22 propostas no mes de outubro e a maioría recolléronse.

### 4. Estudo diagnóstico

Paralelamente ás dúas etapas de participación desenvólérase a recompilación de datos para o estudo diagnóstico do papel da muller no municipio de Betanzos.

Este traballo permitiu detectar algunhas brechas de xénero que pretenden suavizarse a través de parte das medidas deste **III Plan de Igualdade**.

Unha vez máis contamos coa colaboración da comunidade educativa, das asociacións e dos/as técnicos/as do Concello para elaborar este estudo.

### 5. Redacción e aprobación

A redacción do Plan foise desenvolvendo ao longo de todo o proceso de elaboración. As diferentes seccións do Plan ían tomando forma grazas ás diferentes achegas das persoas e entidades que colaboraron na súa creación.

Elaboráronse tres borradores ata lograr a redacción definitiva. Cada borrador foi enriquecido con novas propostas.

O Plan debe ser aprobado pola corporación no Pleno municipal co apoio dos diferentes grupos políticos.

## Proceso de elaboración >

### 6. Difusión

Ao longo desta etapa, o **III Plan de igualdade** será difundido a toda a veciñanza, asociacións, entidades, comunidade educativa e áreas do Concello.

A difusión pretende dar a coñecer á comunidade o compromiso coa igualdade do Concello a través do III Plan de Igualdade e vertebrase en diferentes aspectos:

- Difusión externa: dirixida á cidadanía.
- Difusión interna: dirixida aos/ás axentes responsables da execucións das accións, a todos o persoal técnico do Concello e aos axentes sociais participantes.
- Distribución entre a cidadanía de dípticos informativos do Plan.
- Presentación en público pola Concellería de Servizos Sociais do Plan, publicación na web do Concello, difusión en prensa e redes sociais, etc.



### 7. Avaliación

A avaliación constitúe unhas das fases máis importantes do proceso. Trátase dunha ferramenta indispensable para concretar os resultados do plan e avanzar nas áreas que convén mellorar.

O obxectivo é que a avaliación sexa un proceso continuo mais con tres etapas destacadas:

#### Avaliación inicial/

Ferramentas utilizadas:

- A avaliación do II Plan de igualdade.
- As achegas de diferentes colectivos, asociacións, persoal técnico e axentes sociais.
- As necesidades do municipio no ámbito demográfico, educativo e laboral recollidas no estudo diagnóstico.

#### Avaliación de seguimento/

Ferramentas utilizadas:

- Fichas de seguimento: Recollen información de cada unhas das actuacións que cubriu a persoa responsable da súa execución, que detallan:
  - \* Nome da actividade
  - \* Data de realización
  - \* Lugar área de actuación
  - \* Obxectivos xerais
  - \* Obxectivos específicos
  - \* Poboación destinataria
  - \* Grao de participación
  - \* Grao de satisfacción
- Avaliacións semestrais do plan presentándoas ao Pleno Municipal
- A participación da cidadanía a través da "Caixa de Correo pola Igualdade".

#### Avaliación final/

Concrétase nos seguintes apartados:

- Avaliación de resultados: precisa, tanto, o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan de igualdade como o seu nivel de execución.
- Avaliación de proceso: avalía o relativo ao desenvolvemento do Plan.
- Avaliación de impacto: este apartado recolle información relacionada co grao de corrección ou de mellora dos indicadores de igualdade.
- Indicacións para a continuidade: sintetiza a conveniencia ou non de continuar con cada unha das liñas estratéxicas, obxectivos e actuacións definidas no Plan de igualdade.
- Conclusións e recomendacións: resume os puntos fortes e débiles do Plan e establece futuras liñas de traballo.




# A situación da muller en Betanzos < Estudo diagnóstico

## Poboación/

No municipio de Betanzos residen, segundo os últimos datos dispoñibles do Instituto Galego de Estatística, un total de 12966 habitantes.

As mulleres son maioría, e constitúen case o 53% da poboación.

Fonte: Instituto Galego de Estatística.  
Decembro 2016





## Poboación Betanzos por grupos de idade/


Mentres que no grupo de idade de cero a quince anos os homes son maioría, sucede o contrario no grupo de dezaseis a sesenta e catro. As mulleres convértense en rotunda maioría a partir dos sesenta e cinco anos en diante (G\_01).

A pirámide poboacional do municipio demostra unha estrutura avellentada, cun maior avellentamento feminino (G\_02).

Fonte: Instituto Galego de Estatística.  
Decembro 2016



## Estudo diagnóstico > A situación da muller en Betanzos



evolución persoas en desemprego 2016-2017

mulleses homes total

### Emprego/

Desde xaneiro de 2016 a marzo de 2017 comprobamos que o desemprego ataca en maior medida ás mulleres que aos homes, circunstancia que se repite mes a mes sen excepción.

A diferenza alcanza en agosto de 2016 o seu punto álxido con 135 mulleres desempregadas máis que homes e case se igualan os datos en decembro, con 41 mulleres máis, mais nunca supera o paro masculino ao feminino, dato que demostra que o paro se ceba especialmente coas mulleres.

Outra cifra preocupante e que di pouco en favor da igualdade de xénero é que hai máis mulleres desempregadas que homes a máis cualificación, é dicir que é moito máis fácil que un home cunha titulación universitaria atope traballo que unha muller.




Fonte: Instituto Galego de Estatística.

# A situación da muller en Betanzos < Estudo diagnóstico

## Desempregados/as por nivel académico e sexo/


A respecto da tipoloxía dos contratos a temporalidade afecta máis os homes, pero a contratación a tempo parcial abonda máis entre as mulleres. Traballar a tempo parcial para poder ocuparse dos/as fillo/as segue sendo unha tarefa exercida principalmente por mulleres (G\_03).

Fonte: Instituto Galego de Estatística.



Con respecto ao número de contratos non hai unha diferenza significativa entre ambos os xéneros, aínda que é lixeiramente máis alto entre os homes.

Fonte: Instituto Galego de Estatística.




## Estudo diagnóstico > A situación da muller en Betanzos

### Afiliacións seguridade social por sectores/

Con relación ao número de afiliacións á seguridade social segundo o sector de actividade, pódense observar varias brechas de xénero. Chama especialmente a atención sectores que seguen sendo principalmente masculinos como a construción ou a industria, mentres que no sector servizos a muller está maioritariamente representada.

Fonte: Instituto Galego de Estatística. Decembro 2016.



Demanda de emprego

Hai máis mulleres en desemprego.

Cualificación

A máis cualificación máis se acentúa a diferenza e contrátanse máis homes que mulleres.

Tipo de contrato

Aínda que a temporalidade dos contratos en similar entre ambos os xéneros, o traballo a tempo parcial é moito máis habitual entre mulleres.

Contratación

Contrátanse máis homes que mulleres aínda que a diferenza é mínima.

Sector de actividade

Persisten sectores masculinizados como a construción e a industria, mentres que o emprego feminino concéntrase case exclusivamente no sector servizos.

Brechas de xénero/




# A situación da muller en Betanzos < Estudo diagnóstico

## Educación/Alumnado/

No municipio de Betanzos contamos con varios centros educativos. Un colexio público CEIP Francisco Vales Villamarín, un concertado CPR Nosa Señora do Carme e dous institutos de ensino secundario, IES Francisco Aguiar e IES As Mariñas. Ademais existen dúas escolas infantís e un conservatorio de música.


O total de alumnado de primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos é de 2560, coa seguinte proporción:



## alumnado curso 2016 -17

CPR Nosa Señora do Carme	170	318	148
CEIP Francisco Vales Villamarín	456	993	537
IES Francisco Aguiar	336	614	278
IES As Mariñas	256	635	379
Total Alumnado	1218	2560	1342
	alumnas		alumnos

A respecto do profesorado as mulleres son maioría en unha proporción bastante alta. Esta proporción chega ao 100% na Escola Infantil Municipal onde as 7 profesoras son mulleres.



## profesorado curso 2016 -17

CPR Nosa Señora do Carme	24	29	5
CEIP Francisco Vales Villamarín	54	67	13
IES Francisco Aguiar	37	62	25
IES As Mariñas	34	74	40
Total Profesorado	149	232	83
	profesoras		profesores

## Estudo diagnóstico > A situación da muller en Betanzos

alumnado ciclos:

Automoción

Electromecánica de vehículos


Sistemas eléctricos

Instalacións eléctricas

alumnado ciclos:

Administración e finanzas

Xestión administrativa



## Ciclos formativos (IES As Mariñas) /

Detéctase unha clara brecha de xénero nos ciclos formativos. En oficios tradicionalmente masculinos relacionados con sistemas eléctricos ou mecánica a maioría é inmensamente de rapaces.

Por contra, no ciclo formativo de Administración e Finanzas e Xestión Administrativa a maioría é de mulleres, mais menos acusada.

Fonte: IES As Mariñas. Curso 2016-17

Profesorado

A maioría do profesorado é de mulleres. Na Escola Infantil Municipal o 100% do profesorado é feminino. Isto coincide co rol tradicional de coidado dos/as nenos/as por parte das mulleres e perpetúa os estereotipos entre o alumnado.

Alumnado

Nos ciclos formativos a brecha de xénero é clara. Case ningunha alumna para os ciclos de mecánica o electricidade.

Brechas de xénero /

# A situación da muller en Betanzos < Estudo diagnóstico

## Violencia de Xénero/

Tristemente, ningún municipio está libre da violencia de xénero. Por tanto, tamén en Betanzos, cóntase con casos de vítimas que acoden aos Servizos Sociais a informarse dos recursos existentes.

Cómpre destacar o descenso de vítimas que se dirixen aos Servizos Sociais por mor da violencia de xénero, dato que pode non ser significativo, xa que moitas acoden directamente ao Centro de Información á Muller de Coirós ou ao tecido asociativo. Pero si xustifica as medidas de sensibilización e prevención que se detallan neste Plan de Igualdade.

Por outra banda, o número de denuncias por violencia de

xénero no partido xudicial de Betanzos sufriu un incremento este ano respecto ao pasado.

Para valorar estes datos hai que ter en conta que o xulgado non dispón do dato desagregado por concellos e refírense ao partido xudicial de Betanzos, que comprende varios municipios: Sada, Bergondo, Betanzos, Abegondo, Curtis, Oza-Cesuras, Vilasantar, Sobrado, Aranga, Coirós, Paderne, Miño, Vilarmaior, Pontedeume e Monfero.


Si que é rechamante o incremento en 17 denuncias respecto ao ano pasado, máxime cando os datos de 2017 inclúen unicamente ata o 11 de outubro.

Fonte: Xulgado de Primeira Instancia e Instrución Nº 3 de Betanzos

## Prostitución/


Respecto dos datos de prostitución, no Xulgados de Primeira Instancia e Instrución Nº 1, 2, 3 e 4 de Betanzos non se rexistrou ningunha denuncia por delitos de prostitución, nin en 2016 nin en 2017, no partido xudicial de Betanzos. Este dato non supón que non exista devandito delito, se non que non se denunciou.

A pesar disto o Plan de Igualdade inclúe unha medida específica para programar actividades destinadas a concienciar á sociedade sobre a trata de persoas.



mulleres

demandantes información recursos violencia de xénero



denuncias

por violencia de xénero no partido xudicial de Betanzos

\* Ata 11/10/2017



Liñas estratéxicas/  
Obxetivos xerais/



## Eixes do Plan > Liñas estratéxicas

Os 26 obxectivos e as 109 actuacións que forman o **III Plan de igualdade** céntranse nunhas liñas estratéxicas que guían e impulsan todo o documento.

### Transversalidade/

O concepto de transversalidade fai referencia a aquilo que atravesa dun lado a outro algo. E iso é precisamente o que se pretende, que a igualdade de xénero atravesese todas as políticas municipais, mais tamén que impregne os ámbitos sociais, culturais educativos e económicos.

Esta liña estratéxica mantense do anterior Plan, xa que é clave para avanzar na igualdade. De feito a transversalidade tamén axuda a que a realidade se examine tendo en conta que os homes e as mulleres non están na mesma posición na sociedade e que os efectos das políticas que se realicen serán diferentes para cada xénero.

### Participación/

Este principio guiou a elaboración de todo o Plan. Moitas das actuacións aquí recollidas xorden de achegas e propostas de asociacións, centros educativos, profesores, veciños e veciñas e axentes sociais.

O fin é que a participación siga sendo fundamental na posta en marcha do Plan, á hora de realizar as diferentes actuacións e no momento de avalialas, para concluír se foron proveitosas ou hai que melloralas.

### Sensibilización/

Sensibilizar para acabar cos estereotipos de xénero, para concienciar que a igualdade non se conseguiu e combater os obstáculos aos que se enfrontan aínda as mulleres polo mero feito de selo.

Prioritariamente a sensibilización irá dirixida a dous colectivos:

- As nenas e os nenos: para iso incidirase especialmente en actuacións en colaboración coa comunidade educativa.
- Os homes como axentes de cambio: a igualdade é cousa de homes e de mulleres e a implicación deles é vital para avanzar na súa consecución.

### Empoderamento/

Este concepto defínese como o acto de adquirir poder e independencia por parte dun colectivo desfavorecido.

No caso do empoderamento feminino, moitas das achegas deste Plan van destinadas a lograr iso precisamente, que as mulleres logren a través de diversas actuacións máis independencia, máis formación e aumenten a súa autonomía e a súa capacidade de decisión en todos os aspectos da súa vida laboral, social, política ou económica.

Supón a revalorización da achega das mulleres, no sentido de valorar e fortalecer as súas formas de facer, de exercer o poder e de relacionarse.

### Diversidade/

A igualdade de xénero non pode deixar de lado a diversidade. O respecto a todas as diferenzas, individuais e colectivas, poñendo especial coidado en valorar a diversidade nos todos os ámbitos, sexual, cultural ou étnico.

Valorar os intereses das mulleres que loxicamente son diferentes entre si, mais tamén similares e comúns en algúns casos e con dereitos iguais sempre. Tendo en conta a multidimensionalidade da igualdade.



## Eixes do Plan > Obxetivos xerais

O fin último do **III Plan de igualdade** do Concello de Betanzos é remover os obstáculos que entorpecen a igualdade real e efectiva. Meta que se pretende conseguir a partir dos seguintes obxectivos xerais:

- Potenciar a perspectiva de xénero en todas as políticas municipais e todas as actuacións que se desenvolvan desde o Concello.
- Garantir o exercicio dos dereitos en igualdade.
- Concienciar a sociedade da existencia de desigualdades que deben combaterse.
- Implicar tamén aos homes como axentes de cambio en prol da igualdade.
- Promover a participación e a visibilidade das mulleres na vida política, social educativa e económica.
- Fomentar e apoiar a coeducación en valores de igualdade.
- Promover a conciliación da vida laboral e familiar da cidadanía.
- Garantir o benestar das mulleres en vulnerabilidade social.
- Establecer medidas encamiñadas a fomentar a saúde e o benestar psíquico e físico das mulleres.
- Previr a violencia de xénero e proporcionar unha atención integral ás mulleres ca sofren e a súa familia.
- Adaptar os servizos sociocomunitarios e a oferta de lecer as necesidades das mulleres.





## < Áreas de actuación

Área 1/Concienciación e sensibilización social

Área 2/Empoderamento e participación social

Área 3/Educación e prevención

Área 4/Emprego, conciliación e formación

Área 5/Calidade de vida, saúde e benestar

Área 6/Violencia de xénero

Área 7/Cultura, deporte, turismo e xuventude



# Área de actuación 1 > Concienciación e sensibilización social

## Obxectivo 1.1/

Promover a igualdade a través de accións de sensibilización á cidadanía buscando a colaboración de toda a sociedade, mulleres e homes.

### Accións

1.1.1. Divulgar entre a cidadanía carteis, campañas, materiais, guías e recursos en materia de igualdade de xénero, municipais ou doutras institucións.

• Toda a poboación

• Todo o ano

• Servicios Sociais (Muller)  
• Outras institucións

• N° de carteis, guías, materiais novos  
• N° actuacións de difusión destes

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

1.1.2. Engadir na páxina web unha ligazón "igualdade" para difundir o traballo do Concello nesta materia, actividades da Concellería de Muller, os plans de igualdade municipais e as súas avaliacións, etc.

• Toda a poboación

• Todo o ano

• Servicios Sociais (Muller)  
• Informática

• Existencia da ligazón  
• Información subida a web

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

## Concienciación e sensibilización social < Área de actuación 1

1.1.3. Continuar o labor de sensibilización todo o ano, sen deixar de lado as datas como o Día Internacional da Muller (8 de marzo), de Promoción da Saúde da Muller (28 de maio), da Muller e da Nena na Ciencia (11 de febreiro), ou Contra a Violencia contra as Mulleres (25 novembro).



1.1.4. Difusión das boas prácticas do Concello en materia de igualdade a través dos medios de comunicación e da páxina web.



## Área de actuación 1 > Concienciación e sensibilización social

1.1.5. Programar actividades e divulgar entre a cidadanía carteis, campañas, materiais, guías e recursos en materia de diversidade, municipais ou doutras institucións, ao longo de todo o ano pero especialmente con motivo do día da diversidade o 28 de xuño.

• Toda a poboación

Destinatarios/as

• Todo o ano mais especialmente con motivo do Día da Diversidade o 28 de xuño.

Temporalización

• Servizos Sociais (Muller)  
• Prensa  
• Redes sociais

Responsables

• N.º de actividades  
• Presenza nos medios  
• N.º participantes

Indicadores

1.1.6. Programar actividades, charlas o exposicións sobre a trata de seres humanos e a prostitución por conta de persoal especializado, para sensibilizar a sociedade sobre este problema.

• Toda a poboación

Destinatarios/as

• Todo o ano

Temporalización

• Servizos Sociais (Muller)

Responsables

• N.º de actividades  
• N.º participantes

Indicadores

1.1.7. Programar debates, charlas o exposicións sobre temas de actualidade que preocupan especialmente ás mulleres.

• Toda a poboación

Destinatarios/as

• Todo o ano

Temporalización

• Servizos Sociais (Muller)

Responsables

• N.º de actividades  
• N.º participantes

Indicadores

## Obxectivo 1.2/

“Investigar para a igualdade”, promover a investigación sobre o papel da muller no municipio e difundir os estudos realizados.

### Accións

1.2.1. Realizar avaliacións semestrais do III Plan de Igualdade e estudos sobre a situación da muller no municipio e darlles difusión.

• Toda a poboación

• Todo o ano

• Servicios Sociais (Muller)

• N.º de informes, estudos e enquisas realizados  
• N.º actuacións difusión

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

1.2.2. Realizar informes de impacto de xénero, en principio a políticas reitoras do municipio como o Plan Xeral de Ordenación Municipal ou os orzamentos, coa intención de que vaian estendéndose á programación de actividades e outras políticas municipais, e darlles difusión na páxina web do Concello.

• Toda a poboación

• Todo o ano

• Servicios Sociais (Muller)

• N.º de informes, estudos e enquisas realizados  
• N.º actuacións difusión

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

## Área de actuación 1 > Concienciación e sensibilización social

1.2.3. Emitir as estatísticas municipais desagregadas en función do xénero.

• Toda a poboación

• Todo o ano

• Servizos Sociais (Muller)

• Existencia do compromiso e a súa realización

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

### Obxectivo 1.3/

“Premiar a igualdade”: valorando a traxectoria de mulleres loitadoras que desafiaron os valores tradicionais o que destacan por os seus logros ou por a súa profesión.

### Accións

1.3.1. Impulsar o premio Úrsula Meléndez de Texeda destinado a mulleres cun papel destacado e que promovan valores de igualdade.

• Mulleres destacadas

• Coincidindo co 8 de marzo, Día Internacional da Muller

• Servizos Sociais (Muller)

• Entrega do premio  
• Actos de difusión deste  
• Impacto nos medios de comunicación

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

8mar.

## Obxectivo 1.4/

Dar a coñecer á veciñanza o compromiso que supón o III Plan de igualdade a través da súa difusión e posta en marcha.

### Accións

1.4.1. Difusión externa do III Plan de igualdade do Concello de Betanzos.

- Toda a poboación
- Asociacións
- Centros educativos
- Axentes sociais

Destinatarios/as

- 1º Cuatrimestre de 2018

Temporalización

- Servizos Sociais (Muller)
- Prensa
- Redes sociais

Responsables

- N.º de carteis, exemplares, dípticos
- N.º actuacións de difusión
- Presenza nos medios de comunicación

Indicadores

1.4.2. Difusión interna entre o persoal do Concello do III Plan de Igualdade do Concello de Betanzos.

- Técnicos/as e persoal do Concello

Destinatarios/as

- 1º Cuatrimestre de 2018

Temporalización

- Servizos Sociais (Muller)

Responsables

- N.º actuacións de difusión
- N.º de reunións

Indicadores

## Área de actuación 1 > Concienciación e sensibilización social

### Obxectivo 1.5/

Promover os valores da igualdade entre o persoal municipal, sensibilizar desde a Administración local con exemplos que clarifiquen boas prácticas.

#### Accións

1.5.1. Elaboración de un Plan de igualdade interno de aplicación na Administración municipal.

• Traballadores/as do Concello de Betanzos

Destinatarios/as

• Novembro 2018

Temporalización

• Concello

Responsables

• Existencia do Plan  
• Actuacións de difusión  
• Reunións celebradas

Indicadores

1.5.2. Elaboración de una guía de boas prácticas dixital para a igualdade para distribuír ao persoal e técnicos/as do Concello.

• Persoal e técnicos/as do Concello

Destinatarios/as

• 1º Cuatrimestre de 2018

Temporalización

• Servizos Sociais (Muller)

Responsables

• Existencia da guía  
• N.º actuacións de difusión interna e externa

Indicadores



## Concienciación e sensibilización social < Área de actuación 1

1.5.3. Distribuír un manual de linguaxe non sexista entre o persoal e técnicos/as do Concello, para todas as comunicacións e documentos, mais cunha especial atención ás notas de prensa, a páxina web e a cartelería, por estar cara ao público.

• Persoal e técnicos/as do Concello

Destinatarios/as

• 1º Cuatrimestre de 2018

Temporalización

• Normalización Lingüística

Responsables

• Elaboración do manual  
• N.º actuacións de difusión

Indicadores

1.5.4. Emprego de imaxes e mensaxes non sexistas na cartelería que se publique desde o Concello para campañas de sensibilización o para a publicidade de actividades.

• Persoal e técnicos/as do Concello  
• Toda a poboación

Destinatarios/as

• Todo o ano

Temporalización

• Normalización Lingüística  
• Prensa  
• Web  
• Redes Sociais  
• Servizos Sociais (Muller)

Responsables

• Existencia do compromiso e a súa realización

Indicadores

1.5.5. Implicar aos medios de comunicación na eliminación da linguaxe e imaxe sexista das mulleres, mediante as notas de prensa e as comunicacións municipais.

• Medios de comunicación

Destinatarios/as

• Todo o ano

Temporalización

• Prensa  
• Web  
• Redes Sociais

Responsables

• Emprego de linguaxe e imaxes  
• non sexistas nas notas de prensa e comunicacións aos medios

Indicadores

## Área de actuación 1 > Concienciación e sensibilización social

1.5.6. Incorporar criterios de igualdad nos procesos de adxudicación e contratación con empresas por parte do Concello.

• Empresas que participen en procesos de contratación por parte do Concello

• Todo o ano

• Todas as áreas

• N° de criterios incorporados.  
• N° de procesos de contratación afectados.

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

1.5.7. Incorporar a perspectiva de xénero nas subvencións municipais.

• Destinatarias/os das subvencións

• Todo o ano

• Todas as áreas

• N° de criterios incorporados  
• N° de subvenciones afectadas

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

### Obxectivo 1.6/

Incorporar as necesidades e intereses das mulleres no deseño e implementación de todas as políticas da administración local.

#### Accións

1.6.1. Promover accións e medidas para promover o deseño e uso dos espazos públicos desde a perspectiva de xénero, especialmente na eliminación das barreiras arquitectónicas.

• Toda a poboación

• Todo o ano

• Urbanismo

• Barreiras arquitectónicas removidas  
• N° espazos deseñados tendo en conta a perspectiva de xénero

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

## Obxectivo 2.1/

Incentivar a participación das mulleres na vida municipal e impulsar o asociacionismo, áreas específicas de muller nas asociacións mixtas e a creación de novas asociacións de mulleres ou de homes pola igualdade.

### Accións

2.1.1. Fomentar o asociacionismo entre mulleres, e prestar apoio e asesoramento técnico as novas asociacións..

• Toda a poboación

• Todo o ano

• Participación cidadá

• N.º de asesoramentos  
• N.º de accións de fomento do asociacionismo

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

2.1.2. Manter aberta a colaboración da veciñanza a través do Correo da Igualdade na páxina web do Concello, como canle permanente de participación e incidencia sobre as políticas municipais.

• Toda a veciñanza

• Todo o ano

• Servizos Sociais (Muller)  
• Informática

• Existencia da ligazón  
• N.º de correos recibidos

Destinatarios/as

Temporalización

Responsables

Indicadores

## Área de actuación 2 > Empoderamento e participación social

2.1.3 Colaborar coas asociacións, (culturais, teatrais, deportivas), para realizar diferentes actividades de promoción da igualdade e difusión das actividades que realicen desde as asociacións nesta materia.

- Asociacións
- Toda a veciñanza

Destinatarios/as

- Todo o ano
- Datas sinaladas:  
Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia, 11/2.  
Día Internacional da Muller 8/3.  
Día de Promoción da Saúde da Muller 28/5.  
Día contra a Violencia contra as Mulleres 25/11.

Temporalización

- Servizos Sociais (Muller)
- Tecido asociativo de Betanzos

Responsables

- N.º actos de difusión
- N.º de actividades froito de colaboracións
- Tipoloxía e contido das actividades
- N.º de participantes nas actividades desagregadas/os por sexo
- Grao de satisfacción dos/as asistentes

Indicadores

2.1.4 Promover a participación das mulleres no desenvolvemento rural e facilitar o acceso á información e aos recursos públicos e privados para paliar a situación de desvantaxe xeográfica que padecen.

- Mulleres do ámbito rural

Destinatarios/as

- Todo o ano

Temporalización

- Servizos Sociais (Muller)
- Participación cidadá


Responsables

- N.º de actos informativos
- N.º actividades

Indicadores

## Empoderamento e participación social < Área de actuación 2

